

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15005233	Agra do Orzán	Coruña (A)	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
AFD	Actividades físicas e deportivas	CSAFD02	Acondicionamento físico	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1149	Actividades básicas de acondicionamento físico con soporte musical	2023/2024	6	160	192

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ANA MARÍA MARTÍNEZ RIVERA, MARÍA ROMERO GESTO (Subst.)
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión departamento

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Este novo ciclo formativo, Técnico superior en acondicionamento físico, e en concreto o módulo obxecto de análise nesta programación, aportan a cualificación profesional necesaria para traballar no sector do fitness. O desempeño profesional en ximnasios e instalacións deportivas, tendo como base o traballo con soporte musical, é unha realidade na nosa sociedade actual e a demanda de técnicos formados neste ámbito é incuestionable.

O currículo deste módulo dotará ao alumnado dos coñecementos, as habilidades e as ferramentas necesarias para o seu desempeño profesional en actividades básicas de acondicionamento físico con soporte musical.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)	Resultados de aprendizaxe					
					114900					
					RA 1	RA 2	RA 3	RA 4	RA 5	RA 6
1	Actividades básicas para o acondicionamento físico con soporte musical.	Fundamentos das ABAFSM, historia do aerobic, tendencias actuais (as de recente incorporación shz bam ou cubbá), elementos técnicos, efectos, defectos, contraindicacións, variables, seguridade, indumentaria, perfís dos participantes, capacidades traballadas, a música e a súa estrutura. Esta primeira UD supón un achegamento global ao módulo e un primeiro desempeño práctico baseado na reprodución e unha introdución a creación coreográfica.	70	40	X		X			
2	Deseño de coreografías, programación de sesións.	Música , estrutura da sesión, estratexias metodolóxicas, estilos, modalidades, programas específicos, avaliación. Nesta segunda UD o alumnado deberá deseñar coreografías e programar actividades en función dos obxectivos, niveis, intensidades etc, ademais de analizar a metodoloxía axeitada en cada caso.	62	30		X	X			
3	Organización das actividades en sala, dirección, seguridade e prevención.	Instalacións, aparellos, plans de emerxencia e evacuación, dirección de sesións. Nesta última UD o alumnado deberá manexar todas as variables que implica o traballo como monitor destas actividades.	60	30				X	X	X
Total:			192							

4. Por cada unidade didáctica
4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Actividades básicas para o acondicionamento físico con soporte musical.	70

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Analiza as características das actividades básicas de acondicionamento físico en grupo con soporte musical, relacionándoas cos procesos de adaptación que provocan no organismo	SI
RA3 - Deseña coreografías sinxelas, adaptándoas aos obxectivos e aos contidos dunha sesión e á música seleccionada	NO

4.1.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Comprender, coñecer e analizar os fundamentos das ABAFSM: historia do aeróbic, elementos técnicos, defectos, efectos, contraindicacións, elementos da programación, indumentaria, perfis e criterios de seguridade.	1	Explicacións teóricas do profesor.	30,0
2.1 Experimentar, practicar e analizar os pasos, enlaces, movementos, tendencias actuais e estilos do aeróbic, variables que condicionan a intensidade, coreografías e execución, adecuacións aos diferentes colectivos.	2	Exemplificacións prácticas por parte do profesor e dos alumnos.	30,0
3.1 Avaliar os contidos e habilidades adquiridas.	3	Avaliación do aprendido.	10,0
TOTAL			70

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Describiuse a técnica de execución das actividades e modalidades básicas de acondicionamento físico con soporte musical, indicando a dificultade, a intensidade e os erros máis frecuentes	• OU.1	S	19
CA1.2 Describíronse as bases dun correcto control postural nas actividades básicas de acondicionamento físico con soporte musical	• PE.1	S	6
CA1.3 Analizáronse as adaptacións fisiolóxicas ao traballo realizado e as súas implicacións para a mellora da calidade de vida e da saúde, nas actividades básicas de acondicionamento físico con soporte musical	• PE.2	S	6

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Cráterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.4 Analizáronse os mecanismos de adaptación fisiolóxica dos órganos e dos sistemas, relacionándooos coa mellora das capacidades físicas básicas e das coordinativas, a través da práctica de actividades físicas básicas de acondicionamento físico con soporte fun	• PE.3	S	6
CA1.5 Descríbóronse os signos e os síntomas de fatiga e sobrecarga máis frecuentes neste tipo de actividades	• PE.4	S	6
CA1.6 Enumeráronse as contraindicacións absolutas e relativas á práctica de diferentes modalidades e estilos de actividades básicas de acondicionamento físico con soporte musical	• PE.5	S	6
CA1.7 Relacionáronse as actividades básicas de acondicionamento físico en grupo con soporte musical coas tipoloxías e os niveis posibles das persoas participantes máis habituais	• PE.6	S	6
CA1.8 Descríbóronse as características e as condicións de seguridade dos diferentes aspectos das actividades básicas de acondicionamento físico en grupo con soporte musical	• PE.7	S	6
CA3.1 Seleccionouse o soporte musical que se adecúa ao estilo e á modalidade, á intensidade e á duración da secuencia ou composición coreográfica e da sesión	• OU.2	S	13
CA3.2 Combináronse os pasos básicos e as súas variantes na elaboración das secuencias ou composicións coreográficas básicas, en función da modalidade ou do estilo	• OU.3	S	13
CA3.3 Deseñáronse progresións coreografadas cunha coherencia rítmico-secuencial, de forma que o soporte musical acompañe e condicione a cadencia de execución desde o primeiro movemento do quecemento ata o derradeiro exercicio de volta á calma	• OU.4	S	13
TOTAL			100

4.1.e) Contidos

Contidos
<p>Elementos técnicos das actividades básicas de acondicionamento físico en grupo con soporte musical. Pasos básicos e as súas variacións. Enlaces. Movementos de brazos. Aliñamento segmentario, apoios e distribución do peso en situacións estáticas e dinámica</p> <p>0Criterios de selección da indumentaria persoal para a realización das actividades básicas de acondicionamento físico en grupo con soporte musical.</p> <p>Defectos e erros máis comúns nos xestos técnicos do aeróbic básico, dos exercicios de tonificación e dos ritmos latinos, así como os derivados do contorno da danza e as modalidades afíns. Pautas para os detectar. Efectos patolóxicos das incorreccións de d</p> <p>Efecto das actividades básicas de acondicionamento físico en grupo con soporte musical sobre a mellora da condición física e a saúde.</p> <p>As actividades básicas en grupo con soporte musical como sistema de acondicionamento físico. Historia do aeróbic e a súa evolución. Tendencias actuais.</p> <p>Evolución dos perfís das persoas participantes.</p> <p>Métodos específicos para o desenvolvemento das capacidades condicionais a través de actividades básicas con soporte musical. Aeróbic básico, tonificación, ritmos latinos e xestos técnicos derivados do contorno da danza e modalidades afíns. Series coreogra</p> <p>Contraindicacións absolutas ou relativas na práctica das actividades básicas de acondicionamento físico en grupo con soporte musical. Impacto articular; biomecánica postural adecuada. Signos de fatiga e sobrecarga. Execucións potencialmente lesivas.</p>

Contidos
<p>Variables das actividades coreografadas que condicionan a intensidade. Velocidade da música. Velocidade e amplitude do movemento. Grupos musculares implicados. Desprazamentos. Movementos de brazos. Soporte musical.</p> <p>Criterios de seguridade para a práctica das actividades básicas de acondicionamento físico en grupo con soporte musical.</p> <p>Música nas actividades de acondicionamento físico en grupo con soporte musical. Estrutura da música. Acentos ou beats débiles e fortes. Frases e series musicais. Adaptacións do ritmo natural. Lagoas musicais. Velocidade da música en función do estilo e da</p> <p>Estrutura da sesión de acondicionamento físico con soporte musical. Progresión coreografada na estrutura da sesión: quecemento, núcleo principal e volta á calma.</p> <p>Estratexias metodolóxicas específicas: técnicas de demostración e de comunicación con uso de espello.</p>

4.1.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
<p>Explicacións teóricas do profesor. - Explicacións de: historia do aerobio, elementos técnicos, defectos, efectos, contraindicacións, elementos da programación, indumentaria, perfis e criterios de seguridade.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Explicacións teóricas e prácticas de: historia do aerobio, elementos técnicos, defectos, efectos, contraindicacións, elementos da programación, indumentaria, perfis e criterios de seguridade. 	<ul style="list-style-type: none"> • Facer apuntamentos, completar exercicios, participar en debates e reflexións. 	<ul style="list-style-type: none"> • Apuntamentos, relación e execución de exercicios, debates e postas en común. 	<ul style="list-style-type: none"> • Aula, canón, ordenador, sala multiusos, reprodutor de música. 	<ul style="list-style-type: none"> • OU.1 • OU.2 • PE.1 • PE.2 • PE.3 • PE.4 • PE.5 • PE.6 • PE.7 	30,0
<p>Exemplificacións prácticas por parte do profesor e dos alumnos. - Pasos, enlaces, movementos, tendencias actuais e estilos do</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Exemplificacións prácticas por parte do profesor de pasos, enlaces 	<ul style="list-style-type: none"> • Exemplificacións prácticas por parte dos alumnos: pasos, enlaces, 	<ul style="list-style-type: none"> • Exercicios prácticos, coreografías e secuencias coreográficas. 	<ul style="list-style-type: none"> • Canón e ordenador, videos de diferentes propostas, reprodutor de música. 	<ul style="list-style-type: none"> • OU.1 	30,0

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
aerobic, variables que condicionan a intensidade, coreografías e execución, adecuacións aos diferentes colectivos.	, movementos, tendencias actuais e estilos do aerobic, variables que condicionan a intensidade, coreografías e execución, adecuacións aos diferentes colectivos.	movementos, tendencias actuais e estilos do aerobic, variables que condicionan a intensidade, coreografías e execución, adecuacións aos diferentes colectivos.			<ul style="list-style-type: none"> • OU.2 • OU.3 • OU.4 • PE.1 	
Avaliación do aprendido. - Avaliación dos contidos e habilidades adquiridas.	<ul style="list-style-type: none"> • Implementar os instrumentos necesarios para levar a cabo o proceso de avaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> • Completar os traballos e exames, realizar as coreografías prácticas. 	<ul style="list-style-type: none"> • Exames escritos, traballos e coreografías prácticas. 	<ul style="list-style-type: none"> • Exames en papel, reproductor de música, gravadora de vídeos. 	<ul style="list-style-type: none"> • OU.1 • OU.2 • OU.3 • OU.4 • PE.1 • PE.2 • PE.3 • PE.4 • PE.5 • PE.6 • PE.7 	10,0
					TOTAL	70,0

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Deseño de coreografías, programación de sesións.	62

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Programa actividades básicas de acondicionamento físico en grupo con soporte musical, tendo en conta as necesidades das persoas participantes e os espazos de intervención	SI
RA3 - Deseña coreografías sinxelas, adaptándoas aos obxectivos e aos contidos dunha sesión e á música seleccionada	NO

4.2.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Comprender, coñecer e analizar diversos contidos do tema.	1	Explicacións teóricas do profesor.	23,0
2.1 Experimentar, practicar e analizar os xestos técnicos, dos elementos coreográficos, progresións coreografiadas e relacionadas coa tonificación e as distintas tendencias actuais: ritmos latinos e variantes (zumba, cubbá), shẓbam, afroaerobic etc. Deseñar coreografías coa axuda do profesor.	2	Exemplificacións prácticas por parte do profesor e dos alumnos.	29,0
3.1 Avaliar os contidos e habilidades adquiridas.	3	Avaliación do aprendido.	10,0
TOTAL			62

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.1 Aplicáronse os procedementos e as técnicas de programación e periodización para a mellora da condición física nas actividades básicas de acondicionamento físico en grupo con soporte musical	• PE.1	S	12
CA2.2 Establecéronse criterios de formulación de obxectivos de mellora ou mantemento da condición física, conforme a evolución do programa de actividades básicas de acondicionamento físico en grupo con soporte musical, e en función dos medios dispoñibles	• PE.2	S	12
CA2.3 Establecéronse series coreografiadas por niveis de intensidade e de dificultade, tendo en conta os mecanismos de adaptación fisiolóxica e as variables que se poñen en xogo nas actividades básicas de acondicionamento físico en grupo con soporte musical, en	• OU.1	S	16
CA2.4 Determináronse os espazos, os equipamentos, os materiais, o equipamento persoal e os recursos complementarios para garantir e desenvolver a seguridade de eventos e programas de actividades básicas de acondicionamento físico en grupo con soporte musical	• PE.3	S	12

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Craterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.5 Establecéronse as estratexias de instrución e de comunicación, así como as súas adaptacións, para facilitar a atención a diferentes tipos de persoas participantes e a motivación	• OU.2	S	12
CA2.6 Descríbense os criterios de seguridade, adecuación e efectividade dun programa de actividades básicas de acondicionamento físico en grupo con soporte musical e os factores que se deben ter en conta para evitar lesións ou sobrecargas durante a execución	• PE.4	S	6
CA2.7 Descríbense os indicadores, os instrumentos e as técnicas que determinan a avaliación da calidade do servizo, tanto no proceso como no resultado	• PE.5	S	6
CA2.8 Utilizáronse os equipamentos e as aplicacións informáticas específicas para a elaboración dos programas	• OU.3	S	6
CA3.3 Deseñáronse progresións coreografadas cunha coherencia rítmico-secuencial, de forma que o soporte musical acompañe e condiciona a cadencia de execución desde o primeiro movemento do quecemento ata o derradeiro exercicio de volta á calma	• OU.4	S	3
CA3.4 Aplícanse criterios fisiolóxicos, biomecánicos e de motivación na secuencia de pasos, movementos, exercicios e composicións, relacionando os obxectivos de mellora das capacidades físicas co volume, a intensidade e a dificultade de cada fase da sesión	• OU.5	S	3
CA3.5 Prevíronse adaptacións para atender os diferentes niveis de competencia motriz dos compoñentes do grupo ao que se dirixe a composición coreográfica	• OU.6	S	3
CA3.6 Determinouse a metodoloxía que se emprega na ensinanza das coreografías	• OU.7	S	3
CA3.7 Utilizáronse técnicas específicas de representación gráfica ou escrita para recoller e rexistrar pasos, movementos, exercicios e composicións	• OU.8	S	3
CA3.8 Establecéronse os parámetros que se deben ter en conta para avaliar o desenvolvemento da sesión	• OU.9	S	3
TOTAL			100

4.2.e) Contidos

Contidos
Elementos da programación. Procedementos e técnicas de programación e periodización no ámbito do acondicionamento físico en grupo con soporte musical. Fitness.
Programas específicos de acondicionamento físico en grupo con soporte musical: elaboración e progresión secuencial. Recursos informáticos aplicados ás actividades físicas e deportivas. Software específico de adestramento. Programas de mellora da condición
Combinación das variables de dificultade e intensidade. Nivel das coreografías atendendo a criterios de intensidade e de dificultade coordinativa. Adecuación aos perfís.
Optimización dos programas. Medidas complementarias ao programa de adestramento deportivo: axudas ergoxénicas, fisiolóxicas e nutricionais.
Estratexias de instrución de actividades coreografadas.
Elementos de seguridade específicos das actividades de acondicionamento físico en grupo con soporte musical. Índice de ocupación do espazo e grao de escorregadura das superficies de apoio.

Contidos
Adaptación das actividades básicas de acondicionamento físico en grupo con soporte musical ás posibilidades de execución das persoas participantes.
Adecuación das actividades básicas de acondicionamento físico en grupo con soporte musical a colectivos con necesidades especiais.
Avaliación de programas de acondicionamento físico con soporte musical: indicadores, instrumentos, técnicas, secuencias de aplicación e procedemento para a interpretación de resultados.
0Deseño de instrumentos da avaliación da sesión.
Estratexias metodolóxicas específicas: técnicas de demostración e de comunicación con uso de espello.
Estrutura de progresións coreografadas relacionadas coa tonificación: intervalos e circuitos. Sesións específicas: tren superior, tren inferior, gap e abdome. Últimas tendencias.
Xestos técnicos adaptados de diversas modalidades deportivas e derivados do contorno da danza. Xestos técnicos e movementos derivados das ximnasia suaves.
Composición de coreografías, estilos e modalidades. Variacións e combinacións cos pasos básicos: orientación, dirección, desprazamento, cambios de ritmo e xiros. Movementos de brazos: estilos e modalidades. Elementos coreográficos: enlaces entre elementos
Metodoloxía da composición coreográfica: progresión lineal, suma, unión e capas.
Recursos técnicos para a elaboración de coreografías. Uso e aplicación. Medios audiovisuais. Medios informáticos: hardware e software específicos.
Representación gráfica e escrita de coreografías. Recursos técnicos para a representación gráfica de coreografías. Medios audiovisuais e informáticos.

4.2.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Explicacións teóricas do profesor. - A música e a súa estrutura, estrutura da sesión, estratexias metodolóxicas, deseño e composición de coreografías e metodoloxía. Recursos técnicos e representación gráfica.	<ul style="list-style-type: none"> • Explicacións teóricas. 	<ul style="list-style-type: none"> • Apuntamentos das explicacións feitas polo profesor. 	<ul style="list-style-type: none"> • Representacións gráficas, instrumentos de avaliación das sesións. 	<ul style="list-style-type: none"> • Aula, canón e ordenador, pizarra. 	<ul style="list-style-type: none"> • OU.3 • PE.1 • PE.2 • PE.3 • PE.5 	23,0

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Exemplificacións prácticas por parte do profesor e dos alumnos. - Exemplificación dos xestos técnicos, dos elementos coreográficos, progresións coreografiadas e relacionadas coa tonificación e coas distintas tendencias actuais: ritmos latinos e variantes (zumba, cubbá), sh; bam, afroaerobic etc. Deseño de estruturas coreográficas por parte dos alumnos.	<ul style="list-style-type: none"> • Explicacións teóricas, presentacións de diferentes medios informáticos. Execucións prácticas, exemplificacións. 	<ul style="list-style-type: none"> • Apuntamentos e utilización dos diferentes medios e ferramentas informáticas propostas, execucións prácticas. 	<ul style="list-style-type: none"> • Secuencias coreográficas e coreografías. 	<ul style="list-style-type: none"> • Teléfonos móbiles, canón e ordenador, reprodutor de música. 	<ul style="list-style-type: none"> • OU.1 • OU.2 • OU.4 • OU.5 • OU.6 • OU.7 • OU.8 • OU.9 	29,0
Avaliación do aprendido. - Avaliación dos contidos e habilidades adquiridas.	<ul style="list-style-type: none"> • Elaborar exames escritos e propostas para as coreografías. 	<ul style="list-style-type: none"> • Cumplimentar os exames escritos e deseñar e realizar as coreografías. 	<ul style="list-style-type: none"> • Coreografías deseñadas polos alumnos. Documentos escritos. 	<ul style="list-style-type: none"> • Reprodutor de músicas, gravadora de vídeo. 	<ul style="list-style-type: none"> • OU.1 • OU.2 • OU.3 • PE.1 • PE.2 • PE.3 • PE.4 • PE.5 	10,0
TOTAL						62,0

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Organización das actividades en sala, dirección, seguridade e prevención.	60

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Dirixe sesións de actividades básicas de acondicionamento físico en grupo con soporte musical, aplicando metodoloxías específicas para o seu desenvolvemento	SI
RA5 - Organiza as actividades dunha sala de aeróbic, establecendo as pautas de organización dos recursos específicos que garantan a versatilidade, a eficacia e a seguridade	SI
RA6 - Aplica os plans de emerxencia na sala de aeróbic, valorando as condicións e os factores de risco	SI

4.3.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Comprender, coñecer e analizar diversos contidos do tema: instalacións, mantemento, supervisión, seguridade, prevención de riscos, protección ambiental, limpeza, organización de recursos.	1	Explicacións teóricas do tema por parte do profesor.	20,0
2.1 Desempeñar o rol de monitor tendo en conta todas as variables.	2	Exemplificacións prácticas dos alumnos, dirección de sesións.	20,0
3.1 Avaliar tanto os contidos teóricos da unidade como o desempeño práctico dos alumnos.	3	Avaliación do aprendido.	20,0
TOTAL			60

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA4.1 Analízase a accesibilidade aos espazos de práctica e a dispoñibilidade dos recursos necesarios para as actividades básicas de acondicionamento físico en grupo con soporte musical en condicións de seguridade	• LC.1	S	2
CA4.2 Informouse acerca do desenvolvemento da sesión e os requisitos de vestimenta e complementos	• PE.1	S	4
CA4.3 Explicáronse e demostráronse as actividades propostas e o uso dos aparellos e dos materiais, aplicando estratexias de instrución e comunicación específicas nos exercicios e nas secuencias e composicións coreográficas	• OU.1	S	8

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Cráterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA4.4 Adaptouse o nivel de intensidade e dificultade das actividades ás características das persoas participantes	• OU.2	S	8
CA4.5 Supervisáronse a indumentaria e os complementos das persoas participantes, para garantir a funcionalidade, o confort e a seguridade	• OU.3	S	8
CA4.6 Detectáronse os signos de fatiga e sobrecarga, así como os erros na execución dos pasos, e déronse as indicacións oportunas para a súa corrección	• OU.4	S	8
CA4.7 Utilizáronse os códigos xestuais ou verbais para transmitir as indicacións ás persoas compoñentes do grupo, sen interromper o desenvolvemento da sesión de actividades básicas de acondicionamento físico en grupo con soporte musical	• OU.5	S	8
CA4.8 Dirixíronse as secuencias coreográficas de xeito activo e dinámico, propiciando a desinhibición e a máxima participación	• OU.6	S	8
CA4.9 Aplicáronse os instrumentos de avaliación da sesión	• LC.2	S	2
CA4.10 Comprobase previamente o estado dos elementos específicos de seguridade e prevención de riscos relativos á súa área de responsabilidade na sala de aeróbic	• LC.3	S	2
CA5.1 Supervisouse a dotación da sala de aeróbic, analizando os requisitos dos eventos e das actividades de acondicionamento físico en grupo con soporte musical previstos, á luz das últimas tendencias do sector	• LC.4	S	2
CA5.2 Definíronse criterios para a organización de horarios de eventos e de actividades de acondicionamento físico en grupo con soporte musical, e a coordinación con outras áreas e outro persoal técnico, garantindo a seguridade e a optimización do uso dos espaz	• LC.5	S	2
CA5.3 Prevíronse as xestións para a organización de eventos, competicións, concursos e actividades de acondicionamento físico en grupo con soporte musical	• LC.6	S	2
CA5.4 Supervisáronse as condicións de accesibilidade á sala de aeróbic para que poidan participar nas actividades de acondicionamento físico en grupo con soporte musical persoas con mobilidade reducida	• LC.7	S	2
CA5.5 Establecéronse os procedementos de detección e de corrección de anomalías dos elementos específicos das actividades de acondicionamento físico en grupo con soporte musical, na dotación da sala de aeróbic	• LC.8	S	2
CA5.6 Estableceuse o procedemento de avaliación da calidade do funcionamento dunha sala de aeróbic	• PE.2	S	4
CA6.1 Identificáronse e describíronse os plans de emerxencia dunha instalación deportiva e, en particular, dunha sala de aeróbic	• PE.3	S	4
CA6.2 Establecéronse procedementos de seguridade e prevención de riscos relativos á súa área de responsabilidade nas actividades de acondicionamento físico na sala de aeróbic	• PE.4	S	4
CA6.3 Inventariáronse os medios materiais necesarios nun plan de emerxencia para unha sala de aeróbic	• PE.5	S	4
CA6.4 Relaciónáronse a asignación de funcións e as instrucións ao persoal dunha instalación deportiva en xeral e, en especial, unha sala de aeróbic	• PE.6	S	4
CA6.5 Dirixíronse situacións simuladas de evacuación dunha sala de aeróbic	• OU.7	S	8

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA6.6 Relacionouse a lexislación básica sobre seguridade e saúde laboral co exercicio profesional nas actividades de acondicionamento físico con soporte musical	• PE.7	S	4
TOTAL			100

4.3.e) Contidos

Contidos
<p>Mantemento operativo de instalacións, aparellos e elementos propios das actividades básicas de acondicionamento físico en grupo con soporte musical. Procedementos de verificación de condicións de seguridade e de utilización.</p> <p>0Rexistros de avaliación dos elementos da sesión de acondicionamento físico con soporte musical.</p> <p>Execución dos elementos técnicos das actividades coreografadas: pasos básicos e variantes do aeróbic, ritmos latinos, xestos técnicos derivados do contorno da danza e modalidades afíns, secuencias de exercicios de tonificación e exercicios de estirada, en Supervisión do uso de aparellos e materiais.</p> <p>Proceso e estratexias de instrución nas actividades rítmicas. Diversificación de niveis. Análise da tarefa. Sistemas e canles de comunicación. Modelos de interacción coas persoas participantes. Información inicial ou de referencia. Coñecemento da execución</p> <p>Integración da demostración dos elementos técnicos, coa observación da execución doutros, a detección de erros e a comunicación de consignas.</p> <p>Estratexias para adaptar a intensidade da execución da secuencia coreografada.</p> <p>Sistemas de comunicación específicos na dirección de actividades de acondicionamento físico con soporte musical. Linguaxe xestual. Reforzos verbais. Adaptacións para persoas con discapacidade.</p> <p>Estratexias de motivación cara á execución.</p> <p>Metodoloxía específica de aprendizaxe de secuencias e composicións coreográficas. Modelo das progresións para a ensinanza das series coreografadas. Modelo libre. Modelos coreografados. Novas tendencias.</p> <p>Instalacións, aparellos e elementos propios das actividades de acondicionamento físico en grupo con soporte musical.</p> <p>Posta a punto da instalación e os medios: requisitos básicos, lexislación e normativa.</p> <p>Accesos, desprazamentos e barreiras arquitectónicas dentro dunha sala de aeróbic.</p> <p>Adecuación para persoas con mobilidade reducida: supervisión e corrección de accesos e desprazamentos, eliminación de barreiras arquitectónicas, carteis e medios informativos.</p> <p>Interacción e coordinación de oferta de eventos e actividades. Perfil das persoas participantes e adecuación de horarios das actividades. Os eventos promocionais na planificación de actividades. Fases e trámites na organización de eventos.</p>

Contidos
<p>Organización e xestión dos recursos. Coordinación e xestión dos equipamentos, os materiais e os almacéns. Coordinación co persoal técnico das outras áreas de fitness. Coordinación de uso dos espazos comúns en instalacións con varios espazos de práctica: v</p> <p>Control e mantemento: mantemento preventivo e correctivo; periodicidade e técnicos responsables.</p> <p>Limpeza e desinfección: periodicidade e persoal técnico responsable.</p> <p>Aplicación das normas de calidade. Modelo de excelencia da instalación. Procedementos de avaliación.</p> <p>Plan de emerxencia. Tipos de emerxencia. Obxectivos do plan de emerxencia. Principios da efectividade do plan. Equipamentos e materiais implicados. Procedementos de supervisión. Inventario de medios materiais.</p> <p>Plan de mantemento preventivo: periodicidade das revisións; inventario técnico; dotación de seguridade; diagnóstico das situacións anómalas.</p> <p>Medidas de protección ambiental e de seguridade e saúde laboral.</p> <p>Plan de evacuación: deseño e posta en práctica (simulacros). Soportes informativos. Tipos de evacuación en función da tipoloxía das persoas participantes, medidas especiais para persoas con discapacidade en casos de emerxencia e evacuación.</p> <p>Coordinación con diferentes profesionais e servizos.</p> <p>Avaliación do plan de emerxencia.</p> <p>Prevenición e seguridade: lexislación básica e específica sobre seguridade e prevención na sala de aeróbic.</p> <p>Seguridade de persoas, de bens e de actividades dunha sala de aeróbic.</p> <p>Tipos de riscos presentes na sala de aeróbic: tecnolóxicos, causados polas persoas, laborais, causados polo uso dos servizos deportivos, e causados por uso incorrecto dos medios de adestramento e desinformación.</p> <p>Normativa de aplicación en materia de seguridade en salas de aeróbic.</p> <p>Medidas de prevención de riscos en instalacións deportivas. Medidas específicas de prevención de riscos na sala de aeróbic.</p>

4.3.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Explicacións teóricas do tema por parte do profesor. - Explicacións sobre as instalacións, mantemento, supervisión, seguridade, prevención de riscos, protección ambiental, limpeza, organización de recursos.	<ul style="list-style-type: none"> Promover e facilitar a información necesaria para a comprensión e asimilación dos contidos da unidade 	<ul style="list-style-type: none"> Traballo en grupos, discusión e análise dos contidos do tema. 	<ul style="list-style-type: none"> Taboas de rexistro, elaboración de plans, normas e métodos de recollida e análise de datos. 	<ul style="list-style-type: none"> Canón, ordenador, material impreso, instalacións propias do centro. 	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 	20,0

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
	fomentando a análise e o traballo en grupo.				<ul style="list-style-type: none"> • LC.3 • LC.4 • LC.5 • LC.6 • LC.7 • LC.8 • OU.3 • OU.7 • PE.1 • PE.2 • PE.3 • PE.4 • PE.5 • PE.6 • PE.7 	
Exemplificacións prácticas dos alumnos, dirección de sesións. - Asunción do rol de monitor integrando todas as variables a ter en conta no proceso coa axuda do profesor.	<ul style="list-style-type: none"> • Explicacións teórico-prácticas sobre a dirección de sesións, integración dos elementos técnicos, estratexias e metodoloxías 	<ul style="list-style-type: none"> • Dirixir e ensinar distintas secuencias coreográficas segundo os modelos. 	<ul style="list-style-type: none"> • Coreografías e series coreografiadas, métodos para dirixilas e ensinalas. 	<ul style="list-style-type: none"> • Ordenador, canón, reprodutor de música, gravadora de vídeo. 	<ul style="list-style-type: none"> • LC.2 • OU.1 	20,0

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
	de aprendizaxe.				<ul style="list-style-type: none"> • OU.2 • OU.4 • OU.5 • OU.6 	
Avaliación do aprendido. - Avaliación tanto dos contidos teóricos da unidade como o desempeño práctico dos alumnos.	<ul style="list-style-type: none"> • Propoñer distintas probas teóricas e prácticas para a avaliación do aprendido. 	<ul style="list-style-type: none"> • Realizar as distintas probas propostas polo profesor. 	<ul style="list-style-type: none"> • Documentos do traballo realizado, follas de rexistro, e outros sistemas de recollida de datos. 	<ul style="list-style-type: none"> • Ordenador, canón. reprodutor de música, gravadora de vídeo e documentos en papel. 	<ul style="list-style-type: none"> • LC.1 • LC.2 • LC.3 • LC.4 • LC.5 • LC.6 • LC.7 • LC.8 • OU.1 • OU.2 • OU.3 • OU.4 • OU.5 	20,0

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
					<ul style="list-style-type: none"> • OU.6 • OU.7 • PE.1 • PE.2 • PE.3 • PE.4 • PE.5 • PE.6 • PE.7 	
TOTAL						60,0

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

A avaliación abrangue, de forma xenérica, 4 tipos de probas ou aspectos. Cada trimestre serán avaliados estes 4 aspectos ou probas:

- exames teóricos,
- exames prácticos,
- traballos en formato dixital que serán entregados a través da aula virtual do centro
- traballos de aula.

Probas ou exames escritos:



(35% da nota do trimestre)

Probas prácticas: Execución, elaboración e dirección de coreografías, serán gravadas en vídeo.

(40% da nota do trimestre)

Traballos escritos: coreografía escrita e coreografía propia, deseño de sesión.

(15% da nota do trimestre)

Actividades de aula (10% da nota global). Seguimento do traballo e actitude do alumno durante o curso tanto nas sesións teóricas como nas prácticas. A nota deste apartado avaliado mediante rúbrica, comptantese do seguinte xeito:

-25% Actitude correcta durante as sesións: atención na clase, conducta axeitada.

-25% Participación activa durante as sesións: tomar apuntes, preguntar dúbidas, facer intervencións correctas, amosar esforzo nas prácticas. e realizar pequenos traballos tanto obrigatorios como voluntarios.

-25% Participación activa nas actividades complementarias e extraescolares.

-25% participación nos "recreos activos" organizados polo departamento de Educación física.

Para chegar ao apto en cada trimestre, será necesario acadar o 50% da nota de cada unha das partes avaliadas incluíndo os traballos escritos e as actividades de aula. En caso de non ser así, a materia consta como suspensa e o alumno terá dereito a unha repetición de cada exame ou traballo suspenso que será realizada dentro do horario normal das sesións.

Chegado o mes de xuño:

- A nota base final será a media aritmética dos tres trimestres.

-Se o alumno/a ten suspensa algunha avaliación terá dereito e a obriga á realización dun exame extraordinario, da parte que teña suspensa, nese momento (e unicamente nese momento), se o alumno/a non chega ao 5, poderá obter o apto se acadar un 4 e na media ponderada das probas de esa avaliación chega ao 5. Para poder realizar ese exame o alumno/a deben ter entregados e superados todos os traballos. En caso de non ter entregados os traballos o alumno/a presentárase ás probas globais teórica e práctica.

-O alumno/a poderá optar voluntariamente á realización dun exame extraordinario co obxecto de subir a súa nota nun 10%.

Para poder ser valorado da parte práctica haberá que superar o 75% na participación activa e vivencial da mesma, e dicir o alumno podería non realizar un 25% das prácticas sempre por causas xustificadas. Neste caso unicamente poderá optar á metade da nota acadada no exame práctico realizando ademais os traballos paralelos á mesma que o profesor lle indique. Estes traballos versarán sobre as prácticas non realizadas.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Cada un dos exames, probas prácticas e traballos poderá ser repetido unha vez se non se acada o apto na primeira ocasión. Realizaráanse tutorías individuais ou grupais para reforzar as explicacións e as prácticas necesarias para a comprensión da materia.

Chegado o mes de xuño:

-Se o alumno/a ten suspensa algunha avaliación terá dereito e a obriga da realización dun exame extraordinario, nese momento se o alumno/a non chega ao 5, poderá obter o apto se acada un 4 e na media ponderada das probas de esa avaliación chega ao 5. Para poder realizar ese exame o alumno/a deben ter entregados e superados todos os traballos, de non ser así presentarase ás dúas probas globais teórica e práctica.

Alumnado co módulo pendente:

-En función das características e necesidades do alumnado co módulo pendente, serán deseñadas as actividades de recuperación podendo ser estas tanto teórico como prácticas.

Este alumnado fará dous exames: un deles teórico e outro práctico. Estes exames poderán ser divididos en partes e repartidos ao longo do curso, co fin de facilitar a súa execución, de xeito que cada trimestre faríase un exame teórico e outro práctico. O alumnado poderá optar voluntariamente a realización de traballos co fin de ser avaliado de parte dos contidos teóricos, se elixe esta opción, os contidos dos traballos non serán avaliados na proba teórica.

En caso de non optar pola realización de traballos a cualificación será a media ponderada sendo a parte práctica un 70% da nota e a parte teórica o 30%. En caso de optar pola realización de traballos a cualificación dividirase en 70% a parte práctica, 15% o examen teórico e 15% os traballos.

Coa realización destas probas o alumno deberá amosar os seguintes resultados de aprendizaxe:

1. Analiza as características das actividades básicas de acondicionamento físico con soporte musical, relacionándoas cos procesos de adaptación que provocan no organismo.
2. Programa actividades básicas de acondicionamento físico con soporte musical tendo en conta as necesidades das persoas usuarias e os espazos de intervención.
3. Deseña coreografías sinxelas adaptándoas aos obxectivos e contidos dunha sesión e á música seleccionada e as executa.
4. Dirixe sesións de actividades básicas de acondicionamento físico en grupo con soporte musical aplicando metodoloxías específicas para o seu desenvolvemento.
5. Organiza as actividades dunha sala de aerobio, establecendo as pautas de organización dos recursos específicos que garantan a versatilidade, a eficacia e a seguridade.
6. Aplica os plans de emerxencia na sala de aerobio, valorando as condicións e os factores de risco.

O alumnado pode optar por presentarse a unha única proba final do módulo na que terá que realizar un examen teórico e outro práctico reunindo todos os requisitos citados anteriormente. A cualificación desta proba será a media ponderada das dúas partes 70% parte práctica e 30% parte teórica sendo necesario acadar o 50% de cada apartado para facer a media.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado que perda o dereito á avaliación continua comunicarse co profesor para o seguimento no proceso de avaliación. Pode optar por entregar os traballos correspondentes do mesmo xeito que o resto do alumnado, os contidos avaliados nos traballos non serán avaliados no exame teórico. Unha vez entregados os traballos terá dereito á realización de dous exames extraordinarios nas datas correspondentes, un deles teórico e outro práctico. Neste caso, as porcentaxes na cualificación serán 70% examen práctico, 15% exame teórico e 15% o traballo.

Se o alumnado non presenta os traballos correspondentes, poderá presentarse aos exames teórico e práctico e será avaliado de todos os contidos teóricos na proba teórica, neste caso a cualificación será 70% o exame práctico e 30% o exame teórico.

Exame extraordinario teórico. Coa realización deste exame o alumno deberá amosar que adquiriu os seguintes resultados de aprendizaxe:

1. Analiza as características das actividades básicas de acondicionamento físico con soporte musical, relacionándoas cos procesos de adaptación que provocan no organismo.
2. Programa actividades básicas de acondicionamento físico con soporte musical tendo en conta as necesidades das persoas usuarias e os espazos de intervención.
5. Organiza as actividades dunha sala de aeróbic, establecendo as pautas de organización dos recursos específicos que garantan a versatilidade, a eficacia e a seguridade.
6. Aplica os plans de emerxencia na sala de aeróbic, valorando as condicións e os factores de risco.

O exame teórico incluírá preguntas de resposta curta e de longa, versará sobre os contidos teóricos do currículo e completaráse con preguntas teórico- prácticas sobre hipotéticas situacións prácticas. A cualificación do exame será de 10 puntos.

Exame extraordinario práctico. Coa realización deste exame o alumno deberá demostrar que adquiriu os seguintes resultados de aprendizaxe:

3. Deseña coreografías sinxelas adaptándoas aos obxectivos e contidos dunha sesión e á música seleccionada.
4. Dirixe sesións de actividades básicas de acondicionamento físico en grupo con soporte musical aplicando metodoloxías específicas para o seu desenvolvemento.

O exame práctico consistirá no deseño, execución e dirección dunha coreografía de aeróbic, sen material, con soporte musical. Constará de polo menos 4 bloques musicais compostos por pasos distintos.

Posteriormente á súa execución o alumno deberá dirixir unha sesión ensinando dita coreografía ao profesor e explicando a metodoloxía de ensino que utilizou.

A cualificación da proba será de 10 puntos.

Requisitos que debe cumprir a coreografía:

A coreografía constará de 4 bloques musicais como mínimo deseñados e coreografiados polo alumno podendo elixir entre os seguintes estilos:

Latinos ou Danzas urbanas: hip hop e similares ou Danzas africanas ou Alternancia de tonificación con ou sen material e secuencias coreografiadas de aerobic.

O alumno deberá utilizar e achegar unha música da súa elección acorde co estilo da coreografía.

A coreografía poderá ser realizada 2 veces e será gravada.

O alumno deberá iniciar a coreografía en por si, sen que o profesor conte os tempos, ao principio dun bloque musical.

A coreografía debe ser entregada por escrito ao profesor seguindo os requisitos marcados no curso (formato táboa) no momento do exame. Ademais incluírase unha portada co nome do alumno, e o nome do traballo que se presenta: Coreografía proba extraordinaria. Coreografía estilo _____, o centro de estudos e o curso académico.

Requisitos para unha avaliación positiva, para obter unha cualificación de 5 puntos:

Unha vez realizado un paso, non se poderán repetir.

A coreografía debe de ser realizada ao ritmo da música, só permitíranse pequenos desaxustes ou perdas de ritmo en momentos puntuais.

Debe de incluír movementos de pés e brazos, estes serán executados con corrección e con amplitude suficiente, que permita identificar o paso.

Debe responder claramente o estilo elixido.

Requisitos para obter unha cualificación maior de 5 puntos ata a máxima nota:

Pode incluír combinacións de pasos, ligazóns, posturas e pasos con desprazamento e o maior número de pasos posibles en cada frase musical sen perder de vista o obxectivo do traballo.

Pode incluír 1 ou 2 bloques musicais máis.

Ser executada con total amplitude e corrección técnica.

Ser executada con mestría e soltura, demostrando dominio da mesma, mirando á fronte e cunha expresión facial acorde ao traballo.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Os recursos utilizados para a avaliación da práctica docente serán:

Os propios resultados trimestrais dos alumnos. Analizando nas reunións do departamento e nas xuntanzas de avaliación os resultados acadados no diferentes módulos e as diferencias atopadas.

Realización dunha rúbrica do traballo desenvolto en cada trimestre, analizando tanto o tipo de actividades realizadas como a pertinencia das mesmas en función dos contidos e resultados de aprendizaxe a acadar.

Enquisa sobre as preguntas formuladas nos exames teóricos, dificultade idoneidade e forma de presentación.

Realización dunha enquisa final global sobre a programación e a labor docente ao longo de todo o curso. Utilizarase un modelo estandarizado como a enquisa de avaliación da docencia(ANECA) do servizo de innovación educativa da Universidade de Navarra.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao principio do curso será realizada unha avaliación tanto teórica como práctica.

No caso da avaliación inicial teórica o alumnado responderá de xeito oral a dous tipos de preguntas:

- unhas preguntas sobre a modalidade deportiva obxecto de estudo.
- Preguntas xerais sobre a condición física, a practica deportiva e as sesións de adestramento. Contidos propios da materia de Educación física do currículo da ESO.

Para a avaliación práctica, o profesor ensinará unha coreografía de dificultade baixa nalgunha das sesións iniciais e anotará o grao de seguimento e calidade de execución da mesma de cada alumno. Serán tidos en conta todos os informes aportados polo equipo de orientación e o titor se é o caso, co obxecto de coñecer os casos de alumnos con características especiais que deban ser tidas en conta.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Ao longo do curso o profesor realizará un seguimento individualizado da evolución de cada alumno/a tanto no eido teórico como práctico.

A comunicación entre o alumnado e a profesora será constante tanto de xeito presencial como telemática a través da conta de correo corporativa. Esta fluidez na comunicación servirá para facilitar a aplicación das medidas oportunas.

As medidas de reforzo serán aplicadas en respostas ás necesidades individuais podendo consistir estas en:

- Exercicios paralelos a aqueles alumnos/as que o necesiten co obxecto de acadar os mínimos esixibles e seguir traballando ao ritmo xeral dos compañeiros tendo en conta as posibles limitacións. Estes exercicios poderán ser propostos para a súa realización na clase ou ben para ser realizados no tempo de lecer.
- Ampliar o tempo para a realización das diferentes probas ou exames.
- Tutorías individualizadas de forma telemática ou presencial.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

O módulo obxecto de estudo, propicia interaccións tanto motrices como socio-afectivas. Isto, pode producir un efecto dobre, xa que por unha banda dá a oportunidade aos alumnos de enfrontarse aos seus medos e competencias e compararse co resto de compañeiros; e, pola contra, pode facer que afloren condutas negativas referidas á aceptación das desigualdades nos diferentes desempeños.

Dentro do complexo de alternativas metodolóxicas que se propón ben desde unha óptica xeral como específica, podemos destacar que as que máis se utilizan serán o diálogo e a reflexión. É relevante o papel do discurso docente na promoción e desenvolvemento dos valores. Este discurso, irá enfocado a facer reflexionar ao alumnado sobre a súa actuación nas diversas tarefas motrices desenvolvidas, ben respecto do seu comportamento como ás consecuencias que se derivan do mesmo.

Todo isto concretarase no desenvolvemento e avaliación de actitudes na aula respecto ao compañeiro, respecto á norma, cooperación, disciplina, expresión de emocións (positivas e negativas), relacións socio-afectivas.

Para levar a cabo esta tarefa tomaranse as seguintes medidas:

- Fomentarase a colaboración e o traballo en grupo dado que moitos traballos serán desenvolvidos de xeito grupal.
- Fomentarase o respecto á opinión de todos mediante debates guiados e rúbricas de valoración dos "valores do bo monitor".
- Traballarase na aceptación e respecto dos diferentes niveis de execución e das diferencias e adecuación das distintas tendencias do aeróbic con respecto ao xénero.

Por riba tentarase fomentar a profesionalidade no traballo valorando positivamente a progresiva adecuación da linguaxe oral e escrita ao ámbito profesional utilizando termos tecnicamente correctos e respectando os aspectos gramaticais na fala e na escrita, especialmente nos traballos escritos.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

As actividades propostas serán:

Masterclass con expertos nas propias instalacións : buscaranse aquelas tendencias máis innovadoras e diversas se é posible. Entre as posibilidades incluímos a master class de zumba e body combat.

Asistencia a distintas clases en distintas instalacións deportivas fruto da colaboración con de distintos técnicos e profesionais . Por exemplo Synergym o club del mar.

10. Outros apartados

10.1) Orientacións laborais

Dada a necesidade de iniciarse na dirección de sesións coreografiadas fomentárase a participación dos alumnos de este módulo no plan de promoción de actividade física saudable no horario laboral. Deste xeito, os alumnos/as poderán iniciarse no seu desempeño profesional dirixindo pequenas coreografías para os alumnos de secundaria nos tempos de lecer. Estas actuacións serán valoradas positivamente no apartado actividades de aula reflectido nesta programación.

10.2) Ensinanza non presencial

No caso de ter que adoptar un modelo de ensinanza non presencial. Adoptaranse as seguintes directrices:

-Con respecto aos contidos, estándares de aprendizaxe e criterios de avaliación non haberá cambios.

-Con respecto á metodoloxía realizarase un 60% da ensinanza por videoconferencias nas que a metodoloxía a seguir será a mesma que a utilizada nas clases presenciais. Para a realización das sesións prácticas, utilizaranse diferentes vídeos que previamente serán explicados. Estes vídeos poden ser grabacións do propio profesor ou outras coreografías e traballos dispoñibles en youtube.

A ensinanza mediante tarefas corresponderá a 40%. neste caso as tarefas a realizar poderán ser teóricas ou prácticas a través da gravación de vídeos. Os horarios coa distribución por sesións quedan reflexados no horario espello.

-Con respecto aos criterios de cualificación no haberá cambios sempre que a actividade lectiva presencial sexa a suficiente para poder avaliar a actividade de aula. En caso contrario o 15% correspondente a esta actividade será sumado ás probas escritas de tal xeito que as probas escritas aportarán o 50% as probas prácticas o 35% e os traballos o 15% da nota respectivamente.

10.3) Faltas de asistencia

Dada a natureza práctica e vivencial do módulo e o seguimento e avaliación de cada unha das sesións realizadas, o alumnado cuxas faltas (xustificadas ou non) superen un 30% da duración total do módulo, deberá entregar os traballos específico referente aos elementos desenvolto nesas prácticas nas que o alumno non asistiu.

10.4) Metodoloxía

En cada unidade didáctica quedan explicados con detalle tanto os recursos a empregar como as accións do profesorado e do alumnado. Por riba, nos diferentes apartados da programación, se explican diferentes aspectos que involucran a metodoloxía a empregar. Ademais do anteriormente descrito, cómpre sinalar que será incluída 1 sesión en liña, videoconferencia ao finalizar cada unidade didáctica. A finalidade é facilitar aos alumnos o traballo cos seus materiais propios: computador, apuntamentos... e responder a todas as dúbidas de xeito individualizado tanto en temas referidos aos contidos involucrados en cada exame coma aos traballos persoais a desenvolver.



10.5) Recuperación de módulos pendientes

Alumnado co módulo pendente:

-En función das características e necesidades do alumnado có módulo pendente, serán deseñadas as actividades de recuperación podendo ser estas tanto teórico como prácticas.

Este alumnado fará dous exames: un deles teórico e outro práctico. Estes exames poderán ser divididos en partes e repartidos ao longo do curso, có fin de facilitar a súa execución, de xeito que cada trimestre fariase un exame teórico e outro práctico. O alumnado poderá optar voluntariamente a realización de traballos co fin de ser avaliado de parte dos contidos teóricos, se elixe esta opción, os contidos dos traballos non serán avaliados na proba teórica.

En caso de non optar pola realización de traballos a cualificación será a media ponderada sendo a parte práctica un 70% da nota e a parte teórica o 30%. En caso de optar pola realización de traballos a cualificación dividirse en 70% a parte práctica, 15% o examen teórico e 15% os traballos.

Coa realización destas probas o alumno deberá amosar os seguintes resultados de aprendizaxe:

1. Analiza as características das actividades básicas de acondicionamento físico con soporte musical, relacionándoas cos procesos de adaptación que provocan no organismo.
2. Programa actividades básicas de acondicionamento físico con soporte musical tendo en conta as necesidades das persoas usuarias e os espazos de intervención.
5. Organiza as actividades dunha sala de aerobic, establecendo as pautas de organización dos recursos específicos que garantan a versatilidade, a eficacia e a seguridade.
6. Aplica os plans de emerxencia na sala de aerobic, valorando as condicións e os factores de risco.
3. Deseña coreografías sinxelas adaptándoas aos obxectivos e contidos dunha sesión e á música seleccionada e as executa.
4. Dirixe sesións de actividades básicas de acondicionamento físico en grupo con soporte musical aplicando metodoloxías específicas para o seu desenvolvemento.

O alumnado pode optar por presentarse a unha única proba final do módulo na que terá que realizar un examen teórico e outro práctico reunindo todos os requisitos citados anteriormente. A cualificación desa proba será a media ponderada das dúas partes 70% parte práctica e 30% parte teórica sendo necesario acadar o 50% de cada apartado para facer a media e superar o módulo.